

— Programa
Marco
Criterios
nacionais para
as eleccións
municipais 2015

De—
pen
—de
de—
Nós



depedendenos.gal
#depedendenos

—Índice

02	0. Cambia de libro
04	1. Indo á raíz
09	2. Porque queremos vivir dignamente
14	3. Participa connosco
19	4. Abrindo camiños
	4.1. A prol da inclusión social
	4.2. A prol da igualdade
	4.3. A prol da sustentabilidade
	4.4. A prol dunha vivenda digna
26	5. Orgullándonos do noso
31	6. Redistribuíndo a riqueza
34	7. Por un proxecto colectivo a favor da Galiza

0. Cambia de libro

As liñas que estás a ler poden axudar a cambiar o teu futuro. No BNG temos a vontade de facer fronte ao destino escrito por outros para milleiros de galegas e galegos que están condenadas/os a emigrar, a non poder vivir da terra, ou do mar, a non escoitar a súa lingua no seu propio país, a soportar inhumanas condicións laborais e ter que agradecer calquera reforma que as empeore porque, cando menos, “disque tes traballo”. E queremos facer isto con rabia, con orgullo, con dignidade, con alegría..., e con saúde:

- defendendo até a extenuación (porque nos vai a vida niso) os servizos públicos, a educación e a sanidade, onde deben prevalecer criterios científicos e de profesionalidade por riba dos intereses mercantís das industrias e das empresas,
- traballando arreo para pór en evidencia as numerosas ramificacións do patriarcado: desigualdade e maior precariedade laboral, control e dominación nas relacións de parella, empobrecemento feminino, invisibilización social das mulleres...,
- apostando por unha política ao servizo das persoas, lonxe de sogamas, do cemento e da especulación urbanística, coa sustentabilidade de quen aposta polas políticas de proximidade,
- demostrando orgullo polo propio, exhibíndoo con fachenda para galegas e galegos gozaren do patrimonio, para poderen demostrar que son artistas e están dotadas/os co xenio creador que dá unha cultura propia,
- utilizando a lingua propia co obxectivo de legar esta Terra nas mellores condicións ás xeracións futuras.

Diciamos que estas páxinas podían axudar o mudar o teu futuro. Porque a desertización de amplas zonas do país, a desaparición de milleiros de aldeas e lugares, o devalo demográfico, a perda de dereitos básicos, o intento de silenciar a protesta social, son problemas do conxunto da poboación que vive na Galiza. Por iso o BNG xulga que é vital posuímos e participamos dun proxecto para a totalidade da nosa nación. Sen inútiles competitividades localistas. Porque participamos dunha planificación global, homoxénea nos criterios para todo o territorio galego, ao tempo que con deseños que coñecen cada realidade concreta para conseguir a mellor aplicación posíbel das nosas propostas a cada localidade. Traballamos con ideas que xorden das persoas máis próximas, coas que batemos todos os días no mercado, no mundo laboral, nas mobilizacións sociais, facendo deporte ou en festas e concertos. Por iso, este documento está incompleto; por iso estas liñas por si soas apenas poden provocar un cambio de páxina. Mais a nós non nos abonda cambiar de páxina. Queremos romper cos ditados do libro que impón as súas regras desde Madrid e Bruxelas e coller outro escrito na Galiza por nós..., e por ti.

Foi iso o que nos levou a iniciar un proceso de diálogo cos sectores máis comprometidos da sociedade e a nos presentarmos ás vindeiras eleccións municipais como BNG-Asembleas Abertas. Este é un espazo en construción, onde vimos de recoller ideas e propostas e queremos continuar a escoitalas, a recibilas e a poñelas en práctica. Por iso o que estás a ler non é un programa electoral, aínda que o pareza. O programa será o que construíamos conxuntamente, debatendo, diagnosticando, avaliando..., con humildade e honestidade, con enerxía e ilusión, facendo fronte ao silencio a que nos queren condenar, exercendo o dereito democrático a que na Galiza exista unha opción nacionalista.

Porque QUEREMOS SEGUIR SENDO.

O que che ofrecemos aquí son os criterios básicos de que parte a nosa organización para construír contigo a alternativa nacionalista desde os concellos. É esa mesma que quizais xa coñezas porque levamos tempo a desenvolvela, mais que está suxeita a revisión e avaliación constantes. Porque somos conscientes de que só se conseguimos o dereito a decidir poderemos solucionar moitos dos problemas que nos rodean, convidámoste a participar connosco nesta viaxe. Se quixeres cambiar de libro, aquí estamos.

1. Indo á raíz

Vivimos un momento de urxencia social e nacional. A ofensiva centralizadora neoliberal provocou un recorte sen precedente de dereitos sociais e busca pór todos os recursos ao servizo das grandes corporacións. Os concellos e os servizos públicos que deles dependen son un elo máis nesa ofensiva. O secuestro da democracia e a precarización sen límite das persoas acompáñase dun proceso de recentralización exacerbado que impulsa o Partido Popular, coa complicidade silenciosa das outras forzas políticas estatais. Para mellor garantir o negocio das grandes corporacións, o PP procura concentrar as competencias e as decisións tanto en Madrid como en institucións como as deputacións que forman parte dos contrapoderes ao cativo autogoberno autonómico e aos gobernos de proximidade dos concellos.

Esta ofensiva consciente e planificada das finanzas e grandes corporacións, usando como instrumentos as institucións da Unión europea e o goberno central, agudiza as contradicións sociais e nacionais e leva aparellada, de xeito consubstancial, un recorte dos dereitos e liberdades, unha centralización e unha opacificación dos centros de decisión con grave retroceso democrático e un uso e abuso dos mecanismos represivos para frear a contestación social.

A actual configuración do Estado español aséntase nun modelo político e institucional ferreamente controlado desde institucións centrais, desde o Goberno de Madrid e todo o aparello que o rodea (Tribunal Constitucional, oligopolios económicos estatais, grupos financeiros estatais etc), que serve de instrumento para a aplicación desa ofensiva, e impide neste momento que as nacións poidan artellar políticas propias e de resposta. Neste período o profundo proceso de recentralización competencial (reforma local, sector financeiro, LOMCE, Lei de Costas, Lei de Comercio...) reforza aínda máis o poder central reducindo a esfera de autogoberno e as competencias locais.

A dependencia agudizouse neste período de crise, aumentando as desigualdades e a marxinação de sectores produtivos dun xeito máis acusado que noutros territorios do Estado español e noutras nacións que, situadas nun contorno próximo e tamén afectado pola crise, teñen estado propio. Por iso, nestes momentos, os principais obxectivos teñen que ver con sermos capaces de avanzar nunha ruptura real con este modelo político e social baseado na subordinación e dependencia da Galiza, para termos institucións propias que gocen de capacidade de decisión e facer fronte á ofensiva dos grandes poderes, en beneficio das maiorías sociais.

A acción do BNG estivo encamiñada a ofrecer unha alternativa nacional á profunda vaga de recortes e privatizacións. A reforma local é a expresión clara de que recentralización e privatización camiñan da man e que só con respostas desde a autoorganización poden ofrecerse alternativas que permitan frear este proceso e que se adapten á nosa estrutura social e territorial. O reforzamento das deputacións e a aniquilación das competencias sociais e orzamentarias municipais é un paso para facilitar o control, tanto político coma económico, desde Madrid pondo ao servizo das grandes corporacións un inmenso número de servizos privatizados, agora en mans das deputacións (lixo, auga, asistencia domiciliaria...). Tamén a paralizada reforma dos partidos xudiciais atacaba o dereito á tutela xudicial da cidadanía e buscaba centralizar e controlar a administración de xustiza. O BNG traballou activamente para frear este ataque que tamén desvertebraba territorialmente a Galiza.

A maior presenza do nacionalismo nos concellos contribúe a fortalecer esta alternativa de defensa do país, que vai na liña de mudar as estruturas que sustentan o actual estado, dotando de políticas de igualdade e xustiza a cidadanía para o que é precisa a plena soberanía das nacións que o integran, e non simplemente cambiar os axentes que as gobernan.

Fronte a unha organización territorial artificial baseada nas provincias -que fundamenta a estrutura unitaria do Estado español-, coa intención de aplicar unha política homoxénea a realidades fundamente desiguais, as comarcas son instrumentos básicos para contribuír á vertebración territorial do país. As comarcas representan o noso modelo, o máis acaído á nosa realidade. Nelas reside a potencialidade de proporcionar

aos/ás habitantes dos concellos servizos e actividades de que carecen ou con importantes deficiencias. A comarcalización de servizos é imprescindible desde a perspectiva de conseguir un desenvolvemento equilibrado que preste unha atención preferente aos ciclos produtivos e a artellar infraestruturas que superen un localismo dilapidador de recursos.

O BNG sempre defendeu, e continúa a defender con máis convencemento que nunca, a desaparición das provincias e das deputacións para seren substituídas por comarcas, co obxectivo de lograr un maior aproveitamento dos recursos e unha planificación comarcal que mellore a calidade de vida da maioría da poboación. Mais, mentres a arquitectura institucional derivada da Constitución española non varíe, as deputacións seguirán a existir. O BNG ten como obxectivo principal a súa desaparición. A nosa participación nelas estará rexida polo criterio de conseguir a súa redución competencial. Alén diso, a actuación do BNG centrarase en pular para estas adelgazaren as súas funcións e dedicaren o fundamental dos seus recursos á prestación de servizos básicos municipais, con compromisos firmes e criterios de equidade e obxectividade. É prioritario, pois, eliminar a actual carencia de obrigas e a discrecionalidade -na inmensa maioría das ocasións, pura arbitrariedade-, na asignación de recursos, que as levou a ter a merecida sona de caciquís.

O BNG ten un proxecto nacional para a Galiza, concretado tamén localmente, capaz de abordar necesidades básicas, como deseñar as medidas precisas para conseguir un asentamento territorial que rompa as dinámicas de desertización e de exilio dunha mocidade que hoxe só ve referentes posíbeis lonxe do país. O dereito a traballar na propia

terra lígase directamente con esa aposta pola capacidade de decidir e o dereito a producir. De aí que o BNG leve realizado ou proposto proxectos baseados nun desenvolvemento sustentábel, en que xogan un papel principal para a dinamización económica as relacións de proximidade e o apoio aos nosos sectores produtivos.

A discriminación dos concellos galegos é unha evidencia cuantitativa e cualitativa. De feito, os concellos galegos son os que menos reciben por habitante coa complicidade dunha Xunta de Galiza que asume con submisión esta discriminación e non defende os criterios específicos da nosa maneira de habitar o territorio. É preciso encarar decididamente todas as situacións que afectan o emprego, os servizos sociais, a educación, a sanidade, o benestar social, e tamén o despoboamento no rural e converter cidades e vilas en espazos de convivencia, onde a prioridade central sexa a calidade de vida das persoas que habitaren nelas. O BNG leva tempo a traballar desde esta perspectiva nos concellos en que goberna, modelos dunha acción cun proxecto de como queremos vivir que ten concrecións que son referentes imprescindíbeis, tanto no noso contorno como fóra del, de calidade de vida, de desenvolvemento realizado desde as nosas propias posibilidades, con orgullo das propias capacidades e cunha visión de futuro a medio e longo prazo que contrasta coas políticas de fraude hoxe e fame para mañá a que nos queren condenar os partidos cómplices da situación actual derivada da crise provocada polo gran capital.

2. Porque queremos vivir dignamente

Os concellos gobernados polo BNG levan anos a se enfrontaren ás políticas ditadas pola Unión europea, polo Estado español, polos gobernos do Partido Popular na Galiza e polos poderes financeiros ao tempo que desenvolven modelos participativos asentados no criterio de pór as persoas por riba de todo. O BNG convídase a combater un sistema político baseado na dominación e na desigualdade. O noso obxectivo é o de traballar por unha radical transformación social que teña como eixo a participación cidadá e o dereito a decidir libremente o noso futuro.

—É por iso que a actuación do BNG se rexe polos seguintes principios:

—Defensa dos intereses galegos, dos nosos sinais de identidade e da nosa capacidade de decidir.

—Intolerancia absoluta coa corrupción. A fórmula da participación cidadá como garantía de transparencia. Aposta polos órganos colexiados e as decisións colectivas .

—Profundización da democracia e da participación social. Da cultura da delegación e representación a outra baseada na participación cotiá.

—Defensa dos sectores produtivos galegos, da nosa riqueza natural e produtiva e do noso territorio.

—Ruptura co patriarcado. Transversalidade da igualdade de xénero.

—Aposta pola sustentabilidade ecolóxica e a xustiza ambiental.

—A Administración, o sector público, instrumento de equidistribución da riqueza e de cohesión social.

—Defensa e mellora dos servizos públicos e garantía de acceso universal a toda á sociedade. Aposta pola remunicipalización.

—Fomento da autoorganización social.

Queremos exemplificar esta reivindicación do dereito a vivir dignamente con tres cuestións, das moitas outras que poderíamos debullar e que translocen as características políticas do BNG:

1. Desenvolvemento de políticas que fixen poboación no rural

Un desequilibrio territorial derivado de profundos problemas estruturais que as políticas deseñadas pola Unión europea agravaron, ao desmantelar sectores estratéxicos da nosa economía, provocou a desertización de grandes zonas do noso país e un avellentamento poboacional que temos que reverter. O BNG defende a racionalidade no proceso de ordenación do territorio do país, unha racionalidade que permita establecer un modelo territorial sustentábel que garanta o equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e da paisaxe. O nacionalismo galego, sempre comprometido co territorio, continuará a loitar contra as agresións ao noso medio natural, ao sistema litoral, á rede hidrográfica, ás zonas

acaídas para o cultivo, ás zonas de montaña, ás fragas e especies autóctonas e, en xeral, aos sistemas produtivos propios.

A profundísima fenda territorial, con graves consecuencias a curto e medio prazo se non somos quen de frear o seu avance, agudizouse cun deseño de infraestruturas que non ten en conta a mobilidade interna (nin o avellentamento e a dispersión da poboación) e prima, única e exclusivamente, a conexión coa Meseta. Numerosas comarcas galegas sofren os problemas derivados da falta de tren e servizos ferroviarios de proximidade e as carencias dunha mobilidade moi reducida polas deficiencias (cando non desaparición total) do transporte colectivo.

Neste contexto, e diante dun problema que pode deixar de ser reversíbel de non se aplicaren medidas urxentes, cómpre deseñar un mapa de ZONAS DE EMERXENCIA SOCIAL, para as que cómpre unha planificación inmediata e prioritaria. A base principal para calquera intervención terá en conta que neste caso os criterios de orde cualitativa terán prioridade sobre os de orde cuantitativa. Por tanto, é fundamental romper coas políticas de recortes e manter os servizos básicos para a poboación que vive nestas zonas e deseñar saídas laborais acaídas á realidade socioeconómica e ao desenvolvemento local.

2. Aposta por espazos humanizados

Os espazos públicos urbanos e os de centralidade parroquial son elementos fundamentais da socialización e da cohesión

social, que deben dar oportunidades de acceso libre e de balde en boas condicións a todos os sectores da poboación, sen discriminacións nin segregacións por motivo de idade, nivel de renda, estado físico, sexo etc. A súa carencia ou falta de atractivo incentiva o individualismo, a procura de solucións individuais ao que, por natureza, é público e colectivo.

A invasión indiscriminada dos automóviles nos espazos públicos forzou unha privatización que temos que reverter. Mais, alén disto, xera unha sinistralidade viaria urbana enorme e unha sensación de perigo que fan disfuncionais os accesos aos poucos espazos públicos con destino á poboación, prolongando de xeito anómalo e artificial a dependencia infantil, coutando a súa autonomía de xeito enfermizo.

Traballaremos na dirección de acadar espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros, con usos plurais, en definitiva, centros de socialización e convivencia. Evidentemente, acadar estes espazos públicos implica unhas modificacións profundas na mobilidade urbana e dos centros de vilas e parroquias, con unha necesaria inversión das prioridades entre os diferentes modos de mobilidade. Da actual situación xerárquica de 1º Automóbil, 2º Transporte público 3º Bicicleta e 4º Persoa que vai a pé, temos que pasar á situación inversa: Peón, Bicicleta, Transporte Público, Automóbil. Darlle coherencia a esta nova prelación supón un cambio moi profundo en todos os ámbitos: prioridade de pavimentos, prioridade de iluminación, prioridade de niveis dos circuítos etc., así como a unha elevada redución e pacificación do tráfico motorizado individual.

Como criterio xeral, a nosa aposta nas infraestruturas céntrase en reivindicar a vertebración do territorio e en defender os servizos de proximidade. De maneira moi especial, iso significa traballar pola mellora dos camiños de ferro, algo para o que é preciso reivindicar a creación da Compañía Ferroviaria Galega e reclamar as competencias das liñas interiores.

3. Prioridade absoluta na implantación de políticas que fagan regresar a mocidade que se viu obrigada a deixar o país nos últimos anos e impidan que máis xente nova se vexa obrigada a facelo.

Entre as medidas urxentes para traballar nesta dirección, sinalamos as seguintes:

—Elaborar un plan de emprego xuvenil adaptado á realidade de cada concello .

—Impulsar a creación dunha rede municipal e/ou comarcal de empregabilidade para xente moza.

—Potenciar a creación de bolsas destinadas a titulad@s superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.

—Apoiar proxectos emprendedores de xente moza a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de coworking para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxias.

—Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no emprego.

3. Participa connosco

As eleccións municipais de maio de 2015 prodúcense nun contexto de fonda regresión democrática. Para manter un deseño baseado na máis profunda inxustiza e desigualdade, o PP está a executar unha serie de medidas perfectamente planificadas que se moven en dúas direccións complementares: o reforzamento do bipartidismo e a negación dos dereitos dos pobos.

Os concellos, pola súa escala e proximidade, permiten unha profundización na democracia directa, un obxectivo que marcamos como prioritario mediante a posta en funcionamento ou a reivindicación dos instrumentos acaídos para este fin, entre os que destacamos as asembleas veciñais e os consellos de Participación Territorial e Sectorial. Os nosos obxectivos principais son os seguintes:

—Contribuír a fortalecer a sociedade organizada, os movementos cidadáns e o tecido asociativo.

—Garantir a participación directa da veciñanza, para deseñar e acordar as liñas principais da política municipal.

—Fomentar as consultas populares.

—Implantar, paulatinamente e con carácter vinculante, os orzamentos participativos.

O modelo participativo que defende o BNG está directamente ligado co criterio de transversalidade que percorre a nosa proposta de actuación municipal e, por tanto, aparecerá en moi diferentes lugares ao longo deste documento. Por acreditarmos en ser este un momento en que interesa implicar de maneira especial aqueles sectores máis vulnerábeis, cuxas políticas teñen que ser abordadas con urxencia neste contexto, destacamos, a maneira de exemplo, a participación no ámbito dos servizos sociais, das políticas dirixidas á mocidade e ás mulleres e as que pretenden pór en valor a nosa lingua e cultura.

Neste sentido, as políticas sociais que o proxecto BNG- Asembleas Abertas desenvolverá desde os concellos serán políticas participadas socialmente pola veciñanza, as organizacións de solidariedade sociais, as asociacións sectoriais e todos aqueles actores implicados nelas dunha ou noutra forma. A participación darase desde o diagnóstico das problemáticas máis significativas, o deseño dos programas de intervención así como, se for o caso, na súa execución e na posterior avaliación dos resultados.

Cómpre, asemade, implicar a mocidade no deseño das políticas que se desenvolveren, tanto naquelas dirixidas á propia mocidade como as que tiveren como persoas destinatarias o conxunto da poboación. Porque mozos e mozas deben partillar directamente as propostas e os proxectos, non ser espectadores/as ocasionais nin

ter parte unicamente en espazos rituais e marcados por un trazo distintivo reduccionista. Exercitar o futuro, acreditar nel, significa darlles voz real para todos os temas e en calquera lugar. É por iso que impulsar a participación activa na política da xente nova, favorecer a autoorganización xuvenil e contar co asociacionismo existente son piares fundamentais do concepto participativo do BNG. Entre outras cuestións, é vital apoiar e impulsar as manifestacións artísticas da mocidade do concello, facilitando medios para a súa difusión e proxección

Dentro das políticas dirixidas a combater a discriminación das mulleres, é vital tamén fomentar a súa participación social nos diferentes ámbitos. Así, BNG-Asembleas Abertas:

- Apoiará o traballo das organizacións de mulleres, canalizando a súa participación a través dos mecanismos e recursos existentes.
- Crearán ou reforzará os consellos municipais de Acción Feminista, como órganos de opinión, consulta e participación.
- Incrementará a presenza e participación das mulleres no ámbito da cultura mediante a incorporación da perspectiva de xénero.
- Promoverá unha incorporación das mulleres ás prácticas deportivas, combatendo a discriminación.

A relación entre participación e transversalidade fica perfectamente explicitada na política lingüística que Galiza precisa para que o galego posúa a relevancia e proxección que lle corresponden como lingua propia deste país. Velaquí os criterios básicos da proposta do BNG-Asembleas Abertas a este respecto:

—A normalización da lingua galega será un obxectivo preferente e central da acción municipal e esta procurárase de xeito activo, dinámico, participativo e integrador.

—As accións normalizadoras dirixíranse a todos os ámbitos e procurárase o incremento do uso e prestixio da lingua galega desde os diferentes ámbitos e sectores (promoción económica, urbanismo, cultura, ensino, mocidade,...).

—Será determinante o labor do Consello Social da Lingua, en que deben implicarse os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización.

—É crucial a coordinación e colaboración co resto de concellos da comarca e con outros do país, para desenvolver accións normalizadoras conxuntas tanto a nivel comarcal como nacional.

Non é de menor interese o labor municipal para apoiar e fomentar o asociacionismo cultural, nomeadamente aquel que centra o seu labor no propio país e no desenvolvemento da súa cultura. Nesa liña, a alternativa nacionalista tecerá vías de colaboración coas entidades culturais co obxectivo de lles garantir estabilidade e o cumprimento dos seus obxectivos e promoverá a participación activa dos e das cidadás no labor cultural. A práctica da participación consolídase cando existe presenza de todo tipo de artistas locais e comarcais nas actividades municipais.

Por outra parte, é crucial democratizar o acceso á cultura, partindo da súa natureza como un dereito e propiciando unha oferta cultural

ampla e con vocación maioritaria. Comezar polo sistema educativo é unha garantía de futuro, polo que BNG-Asembleas Abertas promoverá dinámicas de traballo e de elaboración de materiais que faciliten a incorporación da realidade cultural e patrimonial de cada concello aos centros de ensino correspondentes.

Entre outras moitas cuestións con que se pode promover a participación está a democratización e fomento do deporte para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente as portas das infraestruturas deportivas. Así, é esencial:

—Realizar un censo das instalacións deportivas públicas, municipais e comarcais, para optimizar o seu uso, promovendo a utilización das instalacións a nivel mancomunado entre diferentes concellos.

—Habilitar para a práctica deportiva espazos respectuosos co ambiente.

—Impulsar a optimización das infraestruturas dos centros educativos para a súa utilización fóra do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo.

—Procurar o uso social e masivo das instalacións deportivas.

—Dar pulo ás actividades deportivas populares e masivas ao aire libre, a través da elaboración de proxectos deportivos para toda a poboación e da utilización das cidades como espazos onde a práctica do deporte poida ser un feito cotián a través de roteiros deportivos urbanos.

4. Abrindo camiños

A reforma da Administración local que impuxo o PP, para alén de ser inadecuada á realidade galega, reforzar a centralización e a españolización, elimina competencias tanto municipais como galegas, para impor un modelo de administración vertical e provocar a perda de poder de concellos e cidadanía. O ataque ás competencias municipais en materia social non debe ocultar que os concellos son a primeira porta para a veciñanza contar con servizos que aseguren unha vida digna e a igualdade das persoas. Os concellos do BNG traballarán para ofrecer á cidadanía servizos que combatan a pobreza e as desigualdades sociais e apoiar as entidades e os movementos que loitan contra estas lacras sociais.

Desde a acción municipal pódese tamén axudar a facer cidades e vilas con menos desigualdade e a que outras políticas municipais (urbanismo, recadación, servizos de abastecemento de auga e tratamento de lixo...) se deseñen con criterios de igualdade. Con chan para vivenda protexida, evitando a creación de guetos, con fiscalidade progresiva, con axudas a colectivos e persoas desfavorecidas.

4.1. A prol da inclusión social

As principais medidas que defende o proxecto nacionalista BNG-Asembleas Abertas son:

—Implementar un Plan de emerxencia social para Galiza co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente. Este incluírá medidas

efectivas de natureza económica como que se cumpran os prazos para o cobro da RISGA ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia será desafiuzada da súa vivenda.

Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do goberno galego en diálogo co persoal profesional dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.

—Reivindicar unha Renda de Garantía Social que teña como principal obxectivo evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou permaneza na pobreza e na exclusión social.

—Exixir da Xunta de Galiza o mantemento e ampliación do Plan Galego de Inclusión Social, prestado con equipos públicos e en coordinación cos servizos de atención municipais.

—Desenvolver programas de Intervención Comunitaria en lugares de especial problemática social, en colaboración co movemento asociativo, ONG-sociais, colexios profesionais...

—Atender situacións de pobreza extrema e favorecer a inserción profesional de novos grupos en risco de exclusión (desempregados de longa duración, persoas con discapacidade...).

—Elaborar un Programa Municipal de Accesibilidade e Mobilidade en colaboración coas asociacións de discapacidade do concello.

—Mellorar os servizos de asistencia existentes ou crear aqueles que se xulgaren necesarios.

—Promover programas de envellecemento activo e achegar a actividade deportiva ás persoas maiores.

—Promover a creación de centros de día comarcais para persoas dependentes.

—Atender as necesidades específicas das persoas con discapacidade para lles achegar programas de actividade física ou deportiva.

4.2. A prol da igualdade

Para alén doutras cuestións, é especialmente necesario pór en primeiro plano aquelas cuestións que afectan ao emprego feminino, atendendo a:

—Impulsar actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no mercado de traballo en condicións de igualdade.

—Mellorar as condicións laborais en nichos de emprego feminizados.

—Impulsar e apoiar a economía social e outras iniciativas que incorporen a perspectiva de xénero no seu funcionamento e posibiliten unha menor dependencia de acceso a recursos.

—Apoiar e promover o emprendemento feminino.

—Favorecer a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar.

—Incorporar cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política a prol da igualdade.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para a Administración local, pois é desde a proximidade como mellor se coñecen e poden enfrontar as situación de maltrato físico e psicolóxico. É, pois, o nivel municipal, o acaído para, en colaboración con outras administracións:

—Fortalecer as medidas de prevención, incrementando o grao de implicación da sociedade:

- Realización de campañas de prevención.
- Desenvolvemento de accións de sensibilización para promover mudanza de valores e actitudes en todos os ámbitos e, moi particularmente, desde a coeducación.
- Reforzamento da participación da cidadanía nas accións de rexeitamento da violencia machista.

—Mellorar a intervención e atención integral ás mulleres vítimas de violencia machista.

—Consolidar o marco do protocolo interdepartamental, a coordinación interinstitucional para garantir unha maior eficiencia na resposta fronte á violencia de xénero:

- Implantar, en coordinación coa Xunta de Galiza, o Rexistro Integral de Vítimas de Violencia.
- Promover órganos de seguimento de situacións de violencia.
- Garantir a autonomía financeira das vítimas.

Prioridade principal no traballo a prol da igualdade é o labor cos/coas

adolescentes. Entre as medidas imprescindíbeis están as seguintes:

- Asesoramento afectivo-sexual.
- Obradoiros de concienciación na igualdade e superación de actitudes machistas.
- Obradoiros para promover unha sexualidade libre e gozosa que combata a discriminación e a criminalización da mocidade Lesbiana, Gay, Transexual, Bisexual e Intersexual.

Finalmente, non deixa de ser menos relevante a aposta decidida pola participación e democratización real tanto nas institucións como socialmente.

4.3. A prol da sustentabilidade

Os principios que rexen a prestación dos servizos básicos municipais son o de equidade no acceso a eles, tanto en cantidade como en calidade, e o de eficiencia. Para alén disto, debemos sempre pular porque sexan os máis avanzados ambientalmente en todos os sentidos, especialmente os máis sensíbeis como poden ser, entre outros, os RSU, procurando achar alternativas á incineración de SOGAMA, e apostando pola reciclaxe da materia orgánica ou compostaxe, e a recollida selectiva “porta a porta” que significan unha preferencia por solucións de baixa tecnoloxía. Estas alternativas son ambientalmente máis sustentábeis mais tamén economicamente máis viábeis que o lamentábel exemplo de dilapidación e corrupción que representa a incineración de RSU en Sogama.

A mudanza de paradigma por que apostamos encontra o seu referente principal na defensa da proximidade, tanto para o comercio como, de maneira especial, na defensa de actividades ligadas á calidade alimentaria. Falamos da produción de alimentos ecolóxicos, que poden crear aínda moitos máis postos de traballo e á potenciación da súa distribución en mercados de proximidade. Desta maneira defendemos a redución do gasto en transporte a través de circuitos curtos de comercialización e a aposta pola produción local. É esta mesma perspectiva a que o BNG defendeu sempre, e continúa a defender, apoiando o pequeno comercio local de proximidade fronte ás grandes superficies.

Tamén é relevante a promoción do transporte ecolóxico e saudábel, nomeadamente da bicicleta, creando carrís exclusivos, carrís biciamigábeis e aparcadoiros en puntos de interese xeral. Favorecer o alugueiro de bicicletas e diminuír o uso transporte individual en favor do colectivo son outras medidas que cómpre estender de maneira especial no ámbito urbano.

4.4. A prol dunha vivenda digna

A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado, negando o dereito fundamental a un teito que acolla as persoas e permita que se desenvolvan socialmente. Os partidos hexemónicos estatais, en conivencia cos poderes económicos, converteron en papel mollado o dereito social de toda persoa a unha vivenda, un dereito recoñecido nas principais normas internacionais con

cráterios para esta ficar fóra, sobre todo, de se considerar simplemente como un ben de mercado. O BNG desenvolverá unha política de vivenda que dea prioridade aos alugueres sociais e promova o uso das vivendas baleiras ou deshabitadas:

—Impulsarase a vivenda pública para facilitar a emancipación da xente moza e que ofrezca vivenda digna e accesíbel a persoas desafiuzadas.

—Articularanse medidas para facilitar o alugueiro das vivendas baleiras do municipio.

—Desenvolverase un plan de rehabilitación de vivendas que mellore a inserción laboral da mocidade desempregada.

—Arbitraranse medidas de apoio ás persoas desafiuzadas ou en proceso de desafiuzamento.

—Crear ou reservar vivendas para emerxencias sociais.

Para alén destas medidas, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS apoiará o acceso á primeira vivenda, nomeadamente en réxime de aluguer e a través do cooperativismo e realizará unha política urbanística e de ordenación do territorio que prime o interese colectivo sobre o individual.

5. Orgullándonos do noso

A perda de falantes de galego e a serie de medidas planificadas para frear as súas posibilidades de recuperación por parte do goberno do PP, torna imprescindible conseguir un decidido avance neste ámbito desde os concellos. Por iso, o BNG, para alén de incluír a transversalidade dos criterios dunha política lingüística normalizadora en todas as áreas, ámbitos e sectores, creará ou reforzará áreas políticas específicas -co persoal técnico necesario- para a coordinación, planificación e desenvolvemento da política lingüística municipal. Nesta liña, e como criterios mínimos, comprometémonos a aplicar as seguintes medidas incluídas no Plan xeral de normalización da lingua galega:

—Estabelecer que todos os departamentos e organismos teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, así como a súa utilización por parte de todos os cargos electos no exercicio das súas funcións.

—Estabelecer que todos os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.

—Estabelecer que todos os contratos e axudas públicas deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o seu cumprimento.

—Estabelecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística

exixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

—Estabelecer que as escolas infantís municipais garantirán cando menos o 50% de presenza do galego en toda a súa actividade e que contarán con materiais en galego.

—Para traballar a prol da dinamización cultural, son prioritarias as seguintes medidas:

—Recuperar, estudar, pór en valor e difundir todas as manifestacións da cultura popular.

—Impulsar a creación, o desenvolvemento e a consolidación de escolas municipais de Música.

Para vivir unha vida digna é imprescindible poder gozar do patrimonio, poñelo en valor, traballar para o seu coñecemento e desenvolver unha planificación desde un pensamento autocentrado no país e nas galegas e galegos. De maneira especial neste ámbito, o BNG oporase á política de privatización do noso patrimonio e ao seu uso con fins especuladores e lucrativos de empresas privadas. Por outra parte, unha verdadeira política de recoñecemento e valoración dos bens de interese cultural, como o BNG xa está a facer os concellos onde goberna, significa tamén un pulo importante á dinamización económica e contribúe a asentar poboación.

O BNG considera que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de xeito crucial ao noso autoconecemento

e autovaloración como pobo, que son bases esenciais para o desenvolvemento económico. Por iso, nun contexto de crise económica, o BNG non se deixará arrastrar por unha política de recortes orzamentarios especialmente centrados no ámbito da actuación cultural. Os principios que inspirarán a política municipal do BNG no ámbito da cultura serán:

—Entender a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, cuxo obxectivo principal debe ser a afirmación e o afortalamiento da nosa identidade como nación.

—Concibir a política cultural municipal non só como un labor de difusión, mais como un conxunto en que debe ter cabida o apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural.

—Dotar de rendibilidade social o traballo cultural e pór en valor as diferentes manifestacións culturais.

Para traballar a prol da dinamización cultural, son prioritarias as seguintes medidas:

—Recuperar, estudar, pór en valor e difundir todas as manifestacións da cultura popular.

—Impulsar a creación, o desenvolvemento e a consolidación de escolas municipais de Música.

—Promover os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a

creación musical popular, tradicional e contemporánea.

—Fomentar as industrias culturais galegas, especialmente nos partados de edición, artes escénicas (teatro e danza), música, artes plásticas e investigación, co apoio e soporte da parte dos concellos albergando espazos creativos, creando redes e desenvolvendo circuítos de contratación.

—Impulsar as artes escénicas galegas e readaptación de espazos municipais para a súa representación. Fomento da realización de mostras e circuítos de teatro e danza.

—Apoiar o teatro amador.

—Fomentar e divulgar a cultura audiovisual, especialmente o cinema galego e a produción audiovisual galega.

—Crear ou consolidar bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galiza, que inclúan tamén as parroquias e os barrios.

—Apoiar o libro galego e ás publicacións periódicas en lingua galega.

—Apoiar a creación e difusión da obra plástica de artistas galegos/as, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.

—Apostar polas manifestacións culturais de tipo local e nacional nas festas populares.

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional. Cómpre, por tanto, apoiar desde os concellos todas aquelas actividades que contribúan a deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo. Por outra banda, cómpre denunciar a inxustiza dun sistema como o actual que se fundamenta nunha lei de punto final como é a Lei de amnistía que perpetua as elites que sustentaron a ditadura franquista e impide investigar os crimes do franquismo. Entre outras, tomaríanse as seguintes medidas:

1. Fomento da investigación da historia local como xeito de favorecer a conciencia nacional.
2. Eliminación da simboloxía e do rúeiro alusivo ao golpe de Estado e á ditadura franquista.
3. Programa de posta en valor da nosa memoria nacional.
4. Dereitos humanos: tratamento desde as institucións públicas galegas, a través dun protocolo ou marco de actuación único que estableza unhas garantías de rigor para a práctica de exhumacións.
5. Rehabilitación e investigación sobre a xeración de autor@s esquecid@s e silenciad@s polos poderes públicos de Galiza e que tiveron especial compromiso coa lingua propia e a cultura e a identidade galegas.

Entre as apostas centrais da alternativa BNG-ASEMBLEAS ABERTAS está a potenciación dos deportes autóctonos e os xogos populares.

a promoción do deporte tradicional a nivel local e comarcal, a través da creación de ligas locais, desde a perspectiva de entender estas prácticas como expresión da nosa cultura deportiva.

6. Redistribuindo a riqueza

Asistimos nos últimos tempos ao reforzamento dun mundo con cada vez maiores desigualdades e asimetrías. Son moitas as persoas empobrecidas e condenadas a vivir con débedas impagábeis, mentres os grandes financeiros e especuladores tiran beneficio e incrementan os seus réditos. A situación na Galiza é dramática. Estamos en cifras escandalosas de persoas paradas, de traballadores/as en precario, de traballos a tempo parcial por semanas e por días, con horarios de escravitude e expulsando continuamente poboación.

O modelo do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS dálle ás costas á economía especulativa e ao servizo dos poderes financeiros e aposta por un sistema económico que sitúe as persoas e a calidade de vida no centro. De aí que todas as políticas que se desenvolvan terán como criterios básicos o reparto xusto da riqueza e o emprego de calidade diante dunha consideración global de respecto cara á natureza e aposta por sermos quen de legar os recursos naturais que posuímos ás xeracións vindeiras.

Por iso é fundamental romper coas políticas de recortes e investir neses recursos de futuro que o PP quere anular: servizos públicos,

educación, innovación, investigación... E queremos, fundamentalmente, que o aforro, as ganancias se invistan aquí, que paguen na Galiza as grandes fortunas e que se camiñemos cara á soberanía fiscal. Porque, como o nacionalismo leva afirmando durante décadas, declaramos que Galiza non é un país pobre, senón empobrecido e que os seus recursos, con políticas adecuadas e libres de imposicións alleas, fan posíbel imaxinar un futuro de esperanza. A chave está en mirarmos polos nosos intereses, en defendermos, loxicamente, as nosas potencialidades, en sabérmonos unha parte do universo con dereito a decidir sobre o camiño a seguir.

A alternativa BNG-ASEMBLEAS ABERTAS ten como modelo de referencia a xestión pública dos servizos e o seu modelo responde ao da (re)municipalización dos servizos, mesmo confrontando o corsé legal a que hoxe se ven sometidos os concellos, un aspecto para o que non é menor a necesidade de rematar coa taxa de reposición imposta desde o goberno do Estado español e o combate a normativas legais deseñadas e aprobadas para traballar a prol da privatización, como a recente reforma local. O BNG defende tamén implementar en todos os concellos medidas e mecanismos de control efectivo das grandes concesións.

É urxente introducir obxectivos sociais nos procesos de contratación pública, establecendo cláusulas de protección sociais, lingüísticas e con perspectiva de xénero, para alén das de protección de traballadoras e traballadores, todas elas de obrigado cumprimento.

No que se refire á facenda municipal, o principio reitor xeral debe ser unha correlación estrita e ben definida entre obrigas municipais

e o seu suficiente financiamento; a indefinición competencial impide determinar unha valoración correcta das necesidades orzamentarias para coñecer o déficit real dos concellos, variábel segundo os casos. No caso galego, a dispersión da poboación e o seu avellentamento agrava estes déficits tanto pola vía dos ingresos (rendas baixas ou moi baixas dos/as pensionistas), como pola vía do gasto (maior gasto para dotar dos mesmos servizos). Por outra banda, pasamos dunha situación, que chegou até 2010, en que había unha maior colaboración económica entre distintas administracións, á situación actual con carencia case total de ingresos extraordinarios, completando un panorama bastante negativo da situación das facendas municipais.

Mentres seguimos a traballar para variar o financiamento local, aplicaremos os principios de rigor e previsión na nosa xestión, traballando con previsións realistas de ingresos e optimizando até o último euro, conscientes de que cos cartos públicos hai que ser moito máis cautos que cos privados. Unha revisión a fondo das finanzas municipais a inicios de mandato, con criterios de Orzamento Cero podería ser un bo instrumento para acadar estes obxectivos. Como principio xeral, o BNG entende a fiscalidade non só como un medio para obter recursos, senón como un instrumento para redistribuír a renda e corrixir as desigualdades sociais, mediante unha fiscalidade xusta, equitativa e progresiva, o que implica termos en conta a capacidade de pago das persoas contribuíntes e demandarmos maior esforzo fiscal ás rendas máis altas.

Para isto, reclamaremos unha profunda mudanza do marco fiscal local, a fin de que os concellos teñan maior capacidade na regulación dos impostos directos, particularmente no IBI, para impor gravames

impositivos máis altos aos grandes patrimonios e ás vivendas baleiras e asegurar a contribución da Igrexa.

BNG-ASEMBLEAS ABERTAS tamén propiciará, entre outras medidas, a negociación conxunta con cooperativas de enerxía para baixar as tarifas de consumo de iluminación. Porque o obxectivo principal está en romper coas relacións de intercambio inxustas que padecemos e que nos obrigan a estar sometidas/os a prezos moi altos no que consumimos (como a tarifa eléctrica ou as peaxes) e moi baixos para o que producimos (como o leite ou o peixe).

7. Por un proxecto colectivo a favor da Galiza

En síntese, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS propón unha ruptura das prioridades políticas tradicionais: as persoas, os dereitos da clase traballadora, das mulleres, dos sectores máis desprotexidos, da mocidade, a sustentabilidade ecolóxica, a cultura e a defensa da lingua por riba dos mercados; a veciñanza peonil, as bicicletas e o transporte público por riba dos automóbiles; o fomento dos deportes minoritarios, das pequenas cousas; o feito de descubrir a forza de tantas mans anónimas unidas nun mesmo proxecto colectivo para que Galiza SIGA SENDO.

O seguinte decálogo pode resumir algunhas das prioridades de que falamos e que BNG-Asembleas Abertas defende para serviren como guía do labor municipal:

1. Pór en marcha de fórmulas abertas de participación, transparencia en todos os labores municipais e dotación das canles oportunas para que exista unha comunicación fluída bidireccional coa cidadanía.
2. Romper coas políticas de recortes e enfrontarse a elas, mesmo coa insubmisión.
3. Entender a fiscalidade como un instrumento para redistribuír a renda e corrixir as desigualdades sociais. Demandar un maior esforzo fiscal ás rendas máis altas, apostar por que paguen na Galiza as grandes fortunas e reclamar o cobro do IBI á Igrexa.
4. Desenvolver campañas e medidas específicas de apoio ao comercio de proximidade e á produción local.
5. Diseñar programas para crear emprego, para loitar contra a pobreza e a exclusión social.

6. Colaborar con entidades de banca ética e coas novas cooperativas de enerxía e non con entidades financeiras que executen desafiuzamentos.
7. Incluír o estudo do impacto de xénero de xeito transversal e pór na axenda política como prioridades a loita contra a violencia machista e pola corresponsabilidade.
8. Combater o desequilibrio territorial e comprometerse coa sustentabilidade ecolóxica.
9. Declararse contra ás manifestacións de maltrato animal.
10. Exixir que se cumpran os dereitos lingüísticos e culturais do pobo galego. Pór en valor o noso vizoso patrimonio histórico-artístico e o patrimonio inmaterial.

De—
pen
—de
de—
Nós



depedendenos.gal
#depedendenos